

FAIBEN
Fundación
de Apoyo á
Infancia e
ao
Benestar

2016

MEMORIA

PROGRAMA CONTIGO

1. PROGRAMA CONTIGO

Os mozos e mozas que pasan polas nosas casas de familia se enfrontan a serias dificultades na súa saída, tendo que enfrontarse a unha difícil realidade social: en moitos casos non poden contar cunha familia que poda garantir, en todas as circunstancias, unha estabilidade afectiva e económica. Co obxectivo de dar estabilidade a súa saída, o Programa Contigo presta ao apoio necesario, e fai un seguimento, para garantir as condicións de protección, empezando por facelos conscientes da incondicionalidade de Faibén.

As facetas deste programa son:

Económicos : Fianzas, carné de conducir, aluguer, ...,

Familiares: crise familiares, problemas de convivencia cos pais ou acolledores, herdanzas..

Legais : Axuda en papeleo, xuízos, Curatelas, Emancipacións

Sociais : derivados das novas situacións as que se teñen que enfrentar que sen referente familiar as veces son moi difíciles de superar.

Este programa ten como finalidade **dotarlles a eles e ás súas familias dos apoios que lles permitan superar esas dificultades**, e poder continuar con éxito o seu percorrido de **inclusión social** plena.

Persoas destinatarias

- Nenos/as e mozos/as que estiveran nalgunha das Casas de Familia de FAIBEN.

Servizos que se ofrecen

- Apoios económicos: dotacións económicas puntuais para a adquisición de ferramentas de traballo, aluguer, fianzas, carnés de conducir
- Apoio familiar intervención na resolución de conflitos que poidan xurdir no novo período de adaptación familiar.
- Apoio social: axuda na busca de emprego: elaboración de currículo, asesoría laboral, presentación a ofertas...
- Asesoría legal: resolución de dúbidas no ámbito legal, asesoramento, apoio en xuízos, arranxo de papeis, estudo do caso...
- Acompañamento Psicolóxico, en todo o referente as novas situacións nas que se encontra e non sabe dar resposta,

Este programa é xestionado directamente dende os servizos centrais de FAIBEN e os mozos/as acceden a el mediante un educador/a da Casa de Familia á que pertenceu, sendo o propio educador/a o encargado de presentar o caso á dirección de FAIBEN. Tamén pode vir directamente dende o mozo á dirección de FAIBEN.

Ao longo do ano 2016 prestamos apoio a máis de 60 nenos dos que xa saíron das casas, apoiando en situacións familiares a case todos eles, en situacións legais a 20, en asesoramento psicolóxico a 5 e con apoios económicos a 23, con cantidades importantes algunhas delas e outras puntuais, **chegando en total a cantidade de 12.577,96 euros.**

